



BASES REGULADORAS PARA A REGULACIÓN DO PROGRAMA ROTEIROS DAS MACEIRAS 2026

A Deputación de Pontevedra, desde o seu organismo de Turismo Rías Baixas, programa diferentes saídas para potenciar o turismo no interior da provincia a través de percorridos que, neste caso, permiten contemplar o espectáculo das maceiras en plena floración.

Con estes Roteiros preténdese poñer en valor todo un sector ligado á mazá, que é sen dúbida un atractivo turístico fundamental en Rías Baixas.

Durante estas visitas pódense coñecer os traballos de produción nas sidrarías locais, así como a elaboración doutros produtos que proveñen da mazá.

Inclúen visitas as plantacións de maceiras autóctonas e as sidrarías Rabiosa, Peroja, e Camino.

Bases reguladoras

Primeira. Obxecto.

O obxecto destas bases é regular o procedemento polo que se rexerá o funcionamento e participación das persoas no programa Roteiro das Maceiras 2026.

Segunda. Orzamento

A contía consignada para este programa é de catro mil seiscientos noventa euros con oitenta e cinco céntimos **(4.690,85 €)**, con cargo a aplicación orzamentaria 26/433.4320.226.20 (Gastos de promoción) ou na súa vinculación xurídica.

Terceira. Descrición do programa

O Programa Roteiros das maceiras 2026 consta de tres Roteiros cos seguintes itinerarios:

Rutas das Maceiras en flor 2026: Día 9 de Maio

RUTA RABIOSA

Itinerario: Plantación de Pardemarín + Sidrería Rabiosa

10.00: Salida de Pontevedra (Capilla de San Roque, c/San Roque s/n)

11.00: Visita a la plantación (lugar de Pardemarín-Parroquia de Pardemarín)

12.00: Visita a la Sidrería (aldea de Pardemarín) con cata degustación

13:45: Regreso a Pontevedra

14.45: Hora aproximada de llegada a Pontevedra

RUTA PEROJA

Itinerario: Plantación de Agar + Sidrería Peroja

10.00: Salida de Pontevedra (Capilla de San Roque, c/San Roque s/n)

11.00: Visita a la plantación (lugar de Outeiro-Parroquia de Agar)

12.00: Visita a la Sidrería (lugar de Outeiro, parroquia de Agar) con cata degustación

13.45: Regreso a Pontevedra

14.45: Hora aproximada de llegada a Pontevedra

RUTA CAMINO

Itinerario: Plantación de Moreira + Sidrería Camino

16:00: Salida de Pontevedra (Capilla de San Roque, c/San Roque s/n)

17.00: Visita a la plantación (lugar de Moreira-Parroquia de Moreira)

18.00: Salida hacia la Sidrería Camino

18.15: Visita a la Sidrería (aldea de Moreira) con cata degustación

19.45: Regreso a Pontevedra

20.45: Hora aproximada de llegada a Pontevedra

Unha empresa especializada na materia será a responsable de executar e coordinar o programa.

Cuarta. Funcionamento

As e os participantes deberán desprazarse ao punto de partida do autobús que os levará a actividade, onde se lles guiará polo itinerario elixido.

Quinta. Persoas ás que vai dirixida a actividade.

Os Roteiros están enfocados a persoas interesadas en coñecer este produto turístico e terán que solicitar a praza por medio do formulario na noticia da páxina web de Turismo Rías Baixas, e serán tramitadas por rigorosa orde de recepción ata cubrir a totalidade de prazas.

Nel, poden participar persoas, grupos de amigas e amigos ou familias de calquera idade que se consideren aptas para levar a cabo a actividade.

De participaren menores de idade na actividade, deberán ir acompañadas ou acompañados en todo caso dunha persoa adulta (nai, pai ou persoa titora). Os nenos de 0 a 2 anos non contabilizan se non ocupan praza no bus, pero deberase informar da súa asistencia.

Sexta. Actividades e prazas

O programa constará de visita as plantacións de maceiras, seguido de visita a un lugar onde se lles ofrecerá unha degustación de produtos da zona.

Poderá reservarse un máximo de catro prazas por persoa e solicitude.

Ofertarase un máximo de 40 prazas por roteiro.

Sétima. Formalización da inscrición

As persoas participantes poderán inscribirse a través do formulario na páxina web www.turismoriasbaixas.com a partir do día designado para tal efecto pola Deputación e no prazo que se estipule, facendo constar:

- Nome do roteiro ó que se queren apuntar (Rabiosa, Peroja, ou Camino)
- Número de prazas que desexa reservar (ata un máximo de catro prazas por solicitude)
- Nome e apelidos de cada unha das persoas para as que se solicita praza.
- Un mail da persoa de contacto
- Número de teléfono da persoa de contacto.

Ofertaranse un total de 120 prazas. Unha vez esgotadas as prazas, aquelas persoas que se anoten (ata un máximo de 40), en cada ún dos roteiros, pasarán á lista de agarda. O prazo de inscrición rematará o xoves anterior o inicio do primeiro roteiro, ás 10 horas.

Oitava. Procedemento de selección

A orde de acceso á actividade será por rigorosa orde de inscrición, contabilizando soamente aquelas solicitudes que se envíen con todos os datos que se solicitan de maneira correcta, ata cubrir o máximo de prazas por cada actividade.

As persoas admitidas na actividade, recibirán un correo electrónico de confirmación das prazas no mail de contacto facilitado nun período máximo de un día desde que realizaron a solicitude, se nese prazo, non recibiron mail de confirmación, as prazas non se puideron adxudicar por completarse o aforo dispoñible e quedarán en lista de agarda. En caso de dispoñibilidade posterior, informaráselles vía mail, para confirmar se queren facer uso dela, no caso de que non contesten no prazo de 24 h, seguirá correndo a lista de agarda.

As persoas que teñan confirmada praza nun roteiro, non poderán optar a outros roteiros.

Novena. Publicidade

As bases publicaranse na paxina web de Turismo Rías Baixas, no apartado destinado ao programa.

Décima. Renuncia á inscrición e baixa

No caso de non poder asistir á actividade na que estea inscrita ou inscrito deberá comunicarllo ao Servizo de Turismo antes das 10.00 horas do día anterior á realización da actividade, enviando un correo electrónico cos nomes das persoas que anulen, a visitasguiadas@depo.es, deste xeito pasará a ocupar a súa praza, unha persoa da lista de agarda.

Décimo Primeira. Posibles sancións

As persoas que non renuncien ao roteiro e non se dean de baixa de forma correcta, ou non asistan a realización da actividade sen notificalo, quedarán automaticamente excluídas do resto de actividades que se organicen desde Turismo Rías Baixas.

Décimo Segunda. Contacto

Estableceranse varios canles de comunicación para as persoas destinatarias:

- Teléfono Servizo de Turismo: 886211700
- Mail: visitasguiadas@depo.es

Décimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento das persoas físicas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.